



SOMOS PATRIMONIO

2025

Textos

Xosé Gago

Tradución e fotografía

Úrsula Neilson

Prólogo:

Guadalupe Jiménez-Esquinas

Deseño e maquetación:

Juan Pablo Venditti


Depósito Legal: **C 1092-2025**

ISBN: 978-84-09-74639-2

Edita: **Consortio de Turismo da Ribeira Sacra**

Impreso en: **GRAFICAS SANTIAGO, S.L. (GRAFISANT)**

Plan de Sostibilidade Turística en Ribeira Sacra



Imaxes das xuntanzas participativas



As aldeas érguense
coa pel dos que marcharon,
e coas mans dos que quedaron
a erguer pan, e chuvia.

Antía Otero



A nosa casa ten a forma
dun círculo dentro doutro círculo.
Acubilla paporroibos
construíndo o relato da nosa existencia.

Noa Moreira

Prólogo

Tradicionalmente a Convención do Patrimonio Mundial da UNESCO do 1972 recoñecía os sitios ben polas súas características naturais ou ben polas súas características culturais. Co paso do tempo demostrouse que moitos dos bens recoñecidos e protexidos por esta convención combinaban tanto valores culturais como naturais de xeito indisoluble. Así, no ano 1992 incorporouse a esta Convención o concepto de Paisaxe Cultural, sendo o primeiro instrumento xurídico internacional que empregaba esta figura. Deste xeito, se buscamos unha definición actual de paisaxe cultural sería “calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”. Así é como se definiu no artigo 1.A. do Convenio Europeo da Paisaxe, redactado polo Consello de Europa en Florencia, ratificado polo reino de España en 2008.

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016, do 4 de maio, manifesta tamén no artigo 10.h. que a paisaxe cultural é “o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade”.

Nestas definicións destaca que a paisaxe é algo máis que natureza ou cultura, é a fusión de ambas (Criado-Boado et. al., 2016). Á súa vez, fálase da paisaxe como resultado

dunha serie de accións e interaccións, polo que coincidindo co xeógrafo galeguista Otero Pedrayo (1982), a paisaxe non é un decorado fixo orientado á contemplación senón que é sempre un proceso, algo dinámico e cambiante. Na actualidade o concepto de paisaxe cultural implica entendelo como algo aberto, vivencial, suxeito ás transformacións sociais, económicas, medioambientais pero tendo como horizonte a sustentabilidade ecolóxica do territorio, o benestar individual, social e a calidade de vida das persoas que o habitan (Álvarez Munárriz, 2011). Estas deberían ser as premisas á hora de preguntarnos que tipo de paisaxe debería conservarse, por quen e, máis concretamente, para que ou para quen. Neste sentido a paisaxe cultural ten que entenderse como un ben, pero non como un ben material senón como un ben social (Criado-Boado et. al., 2016).

Así, a paisaxe cultural da Ribeira Sacra expresa as relacións entre os membros dunha sociedade co territorio que habitan (Álvarez Munárriz, 2011). Non podemos falar da Ribeira Sacra como unha paisaxe natural, prístina ou orixinal, senón que se trata dunha paisaxe cultural, antropizada, resultado dunha serie de valores, crenzas e prácticas socioculturais, evidencia da acción humana ao longo do tempo e sendo posible recoñecer as marcas desa interrelación. Podemos dicir pois, que a paisaxe non é o lugar onde vive a xente, senón o lugar vivido polas persoas, e como tal, non é alleo ás pegadas que foron deixando as poboacións e, o que é máis importante, como se-

guen a facelo na actualidade apreciándose tamén as marcas do poder, da loita e das resistencias (Harvey, 2009).

Pode apreciarse nas definicións anteriores que se atribúe unha grande relevancia ás dimensións social e cultural, sendo inherente á súa propia existencia. Non podemos pensar nunha paisaxe allea ás persoas porque son as que foron modelando, configurando, humanizando o territorio mais, como analiza Gondar, non tanto orientadas por un sentido patrimonial ou estético, senón por un sentido pragmático, vencellado ás actividades da vida diaria, económicas, laborais e co aproveitamento dos recursos do territorio (2009: 68). A relación das persoas coa paisaxe implica dereitos, mais tamén responsabilidades compartidas entre a cidadanía e as administracións, de coidala e transmitila ás futuras xeracións.

Esta visión da paisaxe na que se unifican os valores culturais e naturais, reconece o protagonismo fundamental da poboación na construción, identificación, mantemento e sensibilización coa paisaxe cultural. Nesta liña, o enfoque participativo converteuse nun dos eixos centrais na xestión patrimonial e paisaxística na actualidade. A participación cidadá nos procesos patrimoniais converteuse nun novo paradigma (Cortés, et. al. 2017) e considérase un deber ser, un feito imprescindible. Nun plano administrativo este xiro participativo incorpórase, por exemplo, no manual de

referencia de Xestión do Patrimonio Mundial Cultural (2014) e moi especialmente o Convenio de Faro sobre o valor do patrimonio cultural para a sociedade (2005).

No Convenio Europeo da Paisaxe a obrigatoriedade de incluír procesos participativos está claramente establecida, entendendo que “Todas as accións emprendidas para a definición, realización e seguimento de políticas da paisaxe deberían estar precedidas e acompañadas por procedementos de participación da poboación e dos axentes afectados, co obxectivo de permitirlles xogar un papel activo na formulación dos obxectivos de calidade paisaxística, a súa posta en práctica e o seu seguimento”¹.

Na medida en que a paisaxe é unha parte do territorio percibida socialmente e valorada polas súas cualidades culturais, sendo expresión e resultado da interacción das persoas co medio natural ao longo do tempo, a participación cidadá é un aspecto fundamental, xunto co xuízo experto, nos procesos de coñecemento, valoración e xeración de propostas. Os procesos de participación pública deben garantirse en todo momento, dende a fase de investigación procurando recoller significados e experiencias na configuración da paisaxe así como artellando mecanismos participativos de xestión sustentable de cara ao futuro.

¹Recomendación CM/Rec (2008)3 do Comité dos Ministros aos Estados membro sobre directrices para a implementación do Convenio Europeo da Paisaxe. Parte I. 1.G.

En moitas ocasións a participación restrínxese a actos puntuais ou enténdese como un trámite formal. Tamén é habitual restrinxir a participación á labor de sensibilización por parte de profesionais ou figuras expertas sobre o valor da paisaxe (arriba-abaixo), tratando de facelo accesible a todas as persoas. Sendo isto importante, fálase tamén da necesidade de artellar mecanismos de participación horizontal, baseados no debate entre distintas persoas representativas da poboación e as autoridades, cos seus distintos intereses, para a ordenación e aplicación das políticas paisaxísticas. Fálase no Plan Nacional de Paisaxe Cultural, de procurar o protagonismo da poboación de xeito sostido nas distintas fases de investigación e consulta (abaixo-arriba), procurando as autoridades a opinión pública sobre as políticas da paisaxe ou sobre as accións para a protección da paisaxe, a súa xestión e ordenación dun xeito co-responsable.

Neste sentido, penso que a experiencia aquí presentada procurou un modelo de gobernanza participativa que incorpora estas tres estratexias: sensibilización, participación e consulta. Fronte a un modelo tradicional baseado nun Discurso Patrimonial Autorizado onde son os expertos e as institucións as que deciden que e como debe ser protexido, nesta candidatura da Ribeira Sacra é a poboación a través dos/as súas representantes as que queren poñer por diante as necesidades e preocupacións da veciñanza perante este proceso. Trátase dun proceso complexo pola propia amplitu-

de do territorio, no que se procurou a representación das 75 parroquias a través das súas asociacións veciñais, sectoriais, comunidades de montes, veciños particulares ou representantes recoñecidas; desenvolvéronse distintas reunións informativas e debates e chegouse a aprobar unha declaración conxunta por un terzo das mesmas. Este tipo de accións amosan o tecido social e asociativo, a súa capacidade de autoorganización e construción colectiva dun relato patrimonial inclusivo así como a firme vontade da veciñanza de evitar cooptación das autoridades dos procesos patrimoniais, minimizar os riscos potenciais dunha declaración deste tipo e facer unha xestión co-responsable.

Ademais dese documento Declaración do Consello de Parroquias, este libro “Somos Patrimonio” tamén resulta dunha serie de accións participativas. A idea consistiu en poñer a unha mostra variada e representativa da poboación a realización dunha fotografía-retrato con aquilo que simbolizara o máis valioso que había na paisaxe da Ribeira Sacra, aquilo que considera parte do seu patrimonio e que non lle gustaría que se perdera, e que nos contara os motivos da súa elección. O concepto de patrimonio que se manexou nesta ocasión non se restrinxe a definicións clásicas do mesmo centradas na antigüidade, monumentalidade ou estilo artístico, senón aquilo que é considerado como valioso pola propia veciñanza ou que lles gustaría que se conservase de cara ao futuro. Unha definición do patrimonio que ten en conta o que opina a xente que convive de forma cotiá con el.

Entre os obxectivos principais desta actividade simbólica estaba promover a reflexión sobre o significado do propio concepto de “patrimonio”, a diversidade de patrimónios cos que conta a paisaxe cultural da Ribeira Sacra así como indagar no que as persoas que viven alí consideran “valioso” e que lles gustaría que se conservase no futuro. Esta selección simbólica e participativa dos patrimónios da Ribeira Sacra abre o campo do que expertos, técnicos e responsables do patrimonio consideraron tradicionalmente como algo digno de conservarse. Pero, sen dúbida, o obxectivo fundamental deste traballo era poñer cara, corpo e palabra a esas persoas que valoran o seu patrimonio, o coidan, o manteñen, o protagonizan, o viven e o rememoran.

Cada fotografía que aparece neste libro, cada rostro, cada historia, é unha expresión do vínculo entre as persoas e a paisaxe cultural e da relevancia da interrelación entre natureza e cultura. “Somos patrimonio” é, en definitiva, un exercicio de memoria compartida e de futuro compartido. Unha mostra de como o patrimonio se constrúe dende abaixo, con compromiso, afecto e, sobre todo, participación. Este libro é unha homenaxe a todas as persoas que fixeron posible este proceso e unha invitación a seguir cultivando un patrimonio e unha paisaxe cultural viva, dinámica, diversa e profundamente humana.

Bibliografía

- Álvarez Munárriz, L. 2011. La categoría del paisaje cultural. AIBR: Revista de Antropología Iberoamericana, 6 (1): 58-80.
- Cortés-Vázquez, J. et. al. (2017) Heritage and participatory governance: An analysis of political strategies and social fractures in Spain. Anthropology Today, 33 (1): 15-18.
- Criado-Boado, F. et. al. (2016) (Eds.) Atlas arqueolóxico da paisaxe galega, Xerais, Vigo.
- Gondar Portasany, M. 2009. Retruque: A paisaxe. Un concepto etnocéntrico. En F. Díaz-Fierros Viqueira e F. López Silvestre (Eds.), Olladas críticas sobre a paisaxe, Consello da Cultura Galega, 61-72. Santiago de Compostela.
- Harvey, D. 2009. Espacios del capital: hacia una geografía crítica. Akal. Madrid.
- Otero Pedrayo, R. 1982. Galicia: una cultura de occidente. Everest. Madrid

Introdución

Ao longo do ano 2024, no marco da Candidatura da Ribeira Sacra a ser declarada Patrimonio Mundial, recibimos o encargo de realizar unha estratexia participativa a través da que coñecer as achegas, críticas, opinións e/ou posturas das persoas que habitan o territorio con respecto a esta cuestión.

A paisaxe cultural da Ribeira Sacra abrangue un territorio ben grande, que inclúe 75 parroquias de 15 concellos na súa “zona core”. Como se artella a participación nun territorio cun tamaño que podería ser de provincia?

Consideramos a parroquia como célula mínima de identidade, polo que o ámbito mínimo de representación debía ser parroquial: **O Consello de Parroquias**.

Para configurar este Consello, propuxemos contar cun representante por cada unha das 75 parroquias, sabendo que o proceso ía ser longo e complexo.

Había que establecer criterios para a representación. A propia idiosincrasia galega proporcionaba a resposta: as asociacións veciñais (A.V.) son a unidade mínima de representación cidadá. No caso de existir unha A.V., esta pasaría a ser automaticamente a representante da parroquia, ben a través da súa directiva, ben a través da designación dunha persoa que as representara.

De non haber A.V. habería outras posibilidades: Comunidades de Montes, Comunidades de Augas, ou outro tipo de asociacións. De non existir ningunha das anteriores, podería existir algunha persoa de consenso e tamén podería ser que a parroquia estivese virtualmente deshabitada ou non quixera expresarse (que paradoxalmente é un xeito tamén de expresión).

Convocamos unha serie de xuntanzas informativas e participativas repartidas polo territorio con dúas funcións principais: recadar representantes parroquiais e ir creando un corpus de ideas, suxestións, críticas e achegas que foran saíndo nas xuntanzas. Algunha destas xuntanzas, ademais de veciñal, tivo un carácter sectorial (viticultura e turismo).

As xuntanzas promocionáronse como abertas a todo o mundo, tanto en prensa como en redes sociais, sendo as únicas persoas convidadas directamente por chamada telefónica ou correo electrónico as presidentas das Asociacións Veciñais, das que se ían procurando contactos en colaboración cos Concellos e tirando de fíos detectivescos en moitos casos.

As xuntanzas iniciábanse cunha dinámica simple onde lles pediamos ás asistentes que se presentasen, indicando o seu nome, procedencia e aquel elemento patrimonial da súa parroquia ou aldea que non lle gustaría que se perdese baixo ningún concepto. Non tiña que ser a igrexa ou o hórreo. Podía ser algo pequeno, abstracto mesmo, que se ligase coa súa emotividade, co seu recordo, coa súa poética. Desta dinámica, nace esta publicación: algunha das persoas foron retratadas xunto ao seu elemento patrimonial escollido engadíndose un pequeno texto no que explican o motivo da escolla.

Das notas extraídas nas xuntanzas elaborouse un documento presentado no Consello de Parroquias convocado o 19 de outubro de 2024 en Parada de Sil. Para este Consello de Parroquias convocáronse ás persoas representantes polos criterios anteriormente sinalados.

Das 75 parroquias existentes, completáronse dous terzos da base de datos de representantes, asistindo ao Consello de Parroquias un terzo do total. O documento foise analizando e votando punto por punto acadando a unanimidade das persoas asistentes.

As persoas representantes ofreceron perfís moi variados en termos de xénero, idade, ou ámbitos profesionais polo que o documento xerado resulta inclusivo e ofrece unha visión ampla e representativa.

O proceso foi de portas abertas e calquera persoa puido asistir ás xuntanzas participativas. O proceso continúa, polo que agardamos incorporar máis representantes.

A participación non debe acabar coa posible inclusión na listaxe senón que debe continuar de xeito reforzado na toma de decisións na xestión da paisaxe se a Ribeira Sacra é declarada finalmente Patrimonio Mundial.

Declaración do Consello de Parroquias 19/10/24

O Consello de Parroquias, reunido en Parada de Sil o 19 de outubro de 2024, acorda apoiar a Candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial considerando os efectos beneficiosos que pode traer ao territorio.

Para paliar posibles efectos negativos da hipotética declaración resulta fundamental a toma en consideración dos puntos propostos nesta declaración así como a correcta representación veciñal nas fases deste proceso.

O Consello de Parroquias, reunido na Fábrica da Luz en Parada de Sil o 19 de outubro de 2024, acorda os seguintes puntos para que se teñan en conta na Comisión Interdepartamental e no Plan de Xestión.

1. Problemáticas xerais do mundo rural

Existe unha serie de problemáticas que atinxen a distintas institucións da Administración e que se ben non teñen unha relación directa co Patrimonio, si teñen que ver con facer un territorio habitable e por tanto con que esta paisaxe cultural se manteña viva.

O Consello de Parroquias, inclúe estes puntos a xeito de problemáticas, para que na Comisión Interdepartamental poidan ser tratadas e buscarlle solucións.

- Servizos públicos de primeira necesidade que están en retroceso no ámbito rural deben ser revisados se se quere manter e atraer poboación na Ribeira Sacra, nomeadamente:
 - Educación

- Sanidade
 - Servizos sociais como Servizo de Axuda no Fogar
 - Transporte público
- Especialmente importante é o caso da auga, un dos eixos vertebradores da Candidatura, xa que hai fogares que non teñen un servizo de traída ou un sistema de saneamento de garantías. Este tema debe ser tratado con urxencia na Comisión Interdepartamental, instando aos Concellos a atallar este problema.
- Acceso á vivenda: Existe unha dificultade de acceso á vivenda para xente que se queira establecer no territorio. A bolsa de aluguer é escasa e a compra resulta complicada en moitos casos por ser propiedades en moitas mans.
- Débense buscar fórmulas que incentiven a posta en venda ou aluguer de vivendas ou fomentar as vivendas sociais.
- Comunicacions e transporte: Este punto será tamén tratado noutros apartados, mais dende o xeral, débese instar aos organismos competentes das distintas vías de comunicación ao seu correcto mantemento tanto no que respecta aos firmes, ás rozas e á sinalética.
- Débense buscar tamén solucións para que existan servizos de transporte público para a veciñanza axustados ás necesidades.
- Máis investimento e control na dotación dunha conexión axeitada a Internet
- Diálogo coa Administración: Resulta complicado para a veciñanza rela-

cionarse coa administración á hora de pedir permisos e licenzas, xa que en moitos casos incluso non se sabe con quen se debe tramitar dita licenza. Nalgúns casos, unha mesma acción implica a posta en marcha de expedientes con distintas entidades (Confederación Hidrográfica, Medio Rural, Patrimonio, Concello, etc.), cada unha cos seus ritmos, o que dificulta e desalenta ao propio usuario.

- Propoñemos a creación dunha oficina de xestións administrativas da Ribeira Sacra que:
 - poida centralizar estes servizos, exercendo de intermediaria entre veciñanza e administración.
 - nunha visita, se poida establecer diálogo con distintos axentes da administración
 - asesore á veciñanza sobre a que entidade compete cada unha das accións que quere realizar.
 - coñeza a realidade específica da Ribeira Sacra e as normativas derivadas da Declaración BIC da paisaxe cultural e da hipotética declaración de Patrimonio Mundial.
 - Teña un carácter itinerante ou se dote dalgún sistema para poder achegarse á poboación dun territorio amplo como é o da Ribeira Sacra

2. Viticultura e explotación agraria

A viticultura é a actividade económica que define a Ribeira Sacra polo impacto que ten na Paisaxe Cultural. O elemento máis icónico da Paisaxe Cultural son as muras e estas existiron, existen e existirán na medida en que vaian acompañadas da actividade vitícola.

Actualmente estamos no medio dunha gran crise do modelo produtivo evidenciado nas vendimas de 2024. A corrección desta problemática específica terá que levarse a cabo dende a Consellería de Medio Rural e Agacal e a mesa que anunciaron convocar, mais dende o Consello de Parroquias, expoñemos unha serie de puntos que, baixo o noso punto de vista, se deben ter en conta polo impacto que teñen sobre a veciñanza e a Paisaxe Cultural:

- Achegas directas ou indirectas aos viticultores de socalco.
 - Este tipo de cultivo ten un sobrecusto con respecto ao cultivo en chaira.
 - Este tipo de viticultor/a, ademais de agricultor/a, é xestor/a do Patrimonio xa que o seu labor mantén este tipo de arquitectura, realizada cunha técnica, a pedra seca, que xa é Patrimonio Mundial.
- Achegas directas ou indirectas para a recuperación de parcelas de viñado en socalco que se atopen actualmente a monte.
- Diferenciación por parte do Consello Regulador no etiquetado da-

queles viños procedentes de cultivo en socalco dos cultivos en chan, para que o/a consumidor/a poida escoller e valorizar o produto.

- Revisión das categorías de solo. Hai casos nos que zonas que foron viñado tradicional posteriormente abandonadas, hoxe figuran como terreo forestal dificultando que se poidan recuperar eses viñedos.
- Co quecemento global, estase a dar un proceso de procurar zonas que foran abandonadas ou nas que nunca se plantou viñado por falta de maduración, mais que agora si que poden dar maduracións axeitadas.
 - Débese garantir que este proceso se faga dun xeito ordenado, tipificando ben que se permite e que non, modificando se é preciso os tipos de solo.
 - Débese ter en conta que acontece con estas parcelas novas ou recuperadas para a viticultura cando queden fóra pero no límite da paisaxe cultural, xa que non é convinte ter unha zona regularizada de muras e a uns metros, parcelas en taludes.
 - Estes taludes terán un impacto paisaxístico.
 - Estes taludes terán un impacto nos cultivos que se desenvolvan ladeira abaixo.
- Tendo vital importancia a viticultura nesta paisaxe cultural, débense potenciar tamén outras actividades económicas relacionadas coa explotación do medio.
 - A diversidade facilita que nun momento de colapso dun modelo

produtivo, o territorio poida saír adiante, paliando os efectos da crise.

- A diversidade, adaptando os usos e cultivos aos tipos de solo, repercute nun equilibrio e na sustentabilidade dos modelos, usos da auga, etc.
- A cultura tradicional labrega coñecía a importancia destes equilibrios e en gran parte a Candidatura recolle estes coñecementos dos usos tradicionais do territorio como algo estrutural na narrativa. Por coherencia, a aplicación destes saberes tradicionais debería ser incentivada polo Plan de Xestión e o planeamento do solo, ter en conta os usos históricos e tradicionais das distintas parcelas
- Débese prestar especial atención ás alteracións paisaxísticas que poidan ter un impacto negativo no territorio

3. Turismo

Por máis que a hipotética Declaración teña moitas repercusións alén da turística, é razoable considerar que vai ser un dos eidos máis reforzados e con máis consecuencias para a veciñanza.

O proceso de Declaración debe ser unha ferramenta para desenvolver estratexias que palíen os efectos negativos que xa temos do turismo no noso territorio e prever as problemáticas que se poden dar no futuro.

O Consorcio de Turismo está a desenvolver o seu plan de sustentabilidade turística, polo que se debe traballar man a man co Consello de Parroquias para que ese

Plan atenda ás problemáticas da veciñanza:

- Mobilidade
 - É un dos maiores retos. Como facer que un maior tráfico rodado non afecte aos ritmos da poboación local?
 - Lanzadeiras
 - Restricións de acceso
 - Aparcadoiros con avisos de capacidade
 - Creación de novos polos de atención. Se o problema actual témolo en puntos concretos que se masifican, aumentando a oferta, esa masificación debería disiparse.
 - Sistema de transporte público máis eficiente que diminúa o fluxo de tráfico turístico, mais tamén que ofrezca un servizo para a veciñanza permanente.
 - Incentivar o propio uso dos camiños tradicionais.
 - Fomentar xornadas ou paquetes nos que o/a visitante poida visitar distintos puntos de interese (monumentos, adegas, restaurantes, hoteis, miradoiros) conectados mediante vías tradicionais que poidan ser camiñadas ou en bicicleta eléctrica.
 - Isto tería unha repercusión positiva tamén sobre as propias vías en si.

- Vivenda turística
 - Trátase dun fenómeno en auxe e que tendo as súas vantaxes, pode ter os seus inconvenientes.
 - A proliferación de vivendas de uso turístico ten consecuencias sobre o prezo e acceso á vivenda para a veciñanza permanente.
 - A restauración de vivenda para uso turístico ten a consecuencia positiva de que contribúe á salubridade e habitabilidade das aldeas.
 - Tamén pode ser unha actividade secundaria para as familias permanentes e unha vía para atraer nova poboación.
 - Debe haber unha regulación específica para a Ribeira Sacra na que se tipifiquen criterios de concesión de licenzas. Pedimos ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra que presione aos Concellos sobre esta necesidade articulando esta normativa
- Formación de profesionais
 - Conveniencia da creación de cursos e certificados específicos para o territorio Ribeira Sacra que garantan o coñecemento por parte dos guías sobre os elementos nos que están a traballar.
 - Captación de veciñanza para a súa cualificación como guías

4. Cultura e Patrimonio

- Creación dun Centro de Estudos da Ribeira Sacra, formado por expertos locais e asociacións culturais, que promova o coñecemento do territorio e mais a súa divulgación mediante estudos de investigación, catálogos, publicacións, realización de xornadas ou seminarios así como rutas culturais.
- Creación dun grupo de asesores locais que axuden na elaboración e modificacións do Plan de Xestión para a correcta localización dos elementos ou na corrección dos topónimos.
- Facer unha campaña de difusión dos contidos do Plan de Xestión, garantindo que a veciñanza coñeza que actuacións poden facer, cales están restrinxidas ou cales precisan de permisos específicos dentro da paisaxe cultural.
 - Esta campaña poderá constar de charlas informativas, edición de folletos ou accións de redes sociais

5. Proceso de selección de representantes do Consello de Parroquias na Comisión Interdepartamental

- O Consello de Parroquias decide non escoller nesta sesión aos representantes.
- Consensúanse unha serie de criterios para a futura escolla de representantes
 - Cando menos un representante debe ser menor de 35 anos

- Cando menos un representante debe ser viticultor
- Cando menos un representante debe ser profesional do turismo
- Tendencia a equidade na representación das dúas provincias
- O total de representantes deben estar censados nos Concellos da Ribeira Sacra.



PALOMA,
A COVA, (O Saviñao)

Paloma forma parte da cuarta xeración de adegueiros dun proxecto familiar.

Na xuntanza participativa do Saviñao, Paloma escolleu como elemento patrimonial da súa parroquia a fonte de Soutomango, por tratarse dunha fonte dunha auga pura e fresca da que lle gusta beber dende nena.

A fonte vai a menos e hoxe sae un fío de auga. Os cambios de uso do solo, o predominio forestal ou a desaparición dos agros están entre os motivos que explican que estas fontes tradicionais perdan forza.

Paloma is part of the fourth generation of winemakers in a family project.

At the participatory meeting in O Saviñao, Paloma chose the Soutomango spring as the heritage element of her parish, because it is a source of pure, fresh water that she has enjoyed drinking since childhood.

The spring is declining, and nowadays only a trickle of water flows. Changes in land use, the predominance of forestry, and the disappearance of farmland are among the reasons why these traditional springs are losing strength.

ROSA DO COUTO, CASTRO CALDELAS

Rosa é presidenta da Asociación Veciñal de San Paio de Abeleda

Participou na xuntanza de Castro Caldelas onde escolleu como elemento máis significativo da súa parroquia a Capela de San Antón.

Trátase dunha humilde capela inadvertida no medio das casas, mais que nos conta unha historia de xestión patrimonial comunitaria.

Foi restaurada hai uns vinte anos grazas a unha colecta por parte da veciñanza. Rosa conta que a capela estaba nun estado lamentable, pero grazas á colecta veciñal, teitouse, pisouse e así puido chegar ata hoxe.

O caso da Capela de San Antón exemplifica como o patrimonio pode ser eixe vertebrador das nosas comunidades dispersas.

Rosa is president of the Neighbourhood Association of San Paio de Abeleda.

She took part in the meeting in Castro Caldelas, where she chose the Chapel of San Antón (Saint Anthony) as the most significant element of her parish.

It is a humble chapel, unnoticed among the houses, but it tells a story of community heritage management.

It was restored about twenty years ago thanks to a collection organised by the local residents. Rosa says the chapel was in a terrible state, but thanks to the community fundraising, it was re-roofed, re-floored, and preserved to this day.

The case of the Chapel of San Antón exemplifies how heritage can be a unifying thread for our dispersed communities.



SUSO,
BARANTES, (Sober)

É directivo da Asociación Cultural O Colado do Vento, asistiu á xuntanza participativa de Rosende.

Destacou o Agro do Coto como elemento patrimonial máis senlleiro da súa paisaxe. Incide na importancia da conservación e recuperación dos agros, “non cunha visión romántica, senón como elementos de xestión da auga e control da paisaxe”.

Comenta que dende que o Agro do Coto deveu en piñeiral, abaixo na aldea hai que perforar para sacar auga, cando antes chegaba a cachón.

Entre as súas propostas destaca a creación dun grupo de expertos locais que poidan revisar e corrixir grallas toponímicas e elementos mal situados nos planos.

A board member of the cultural association O Colado do Vento, Suso took part in the participatory meeting in Rosende.

He highlighted the Agro do Coto as the most distinctive heritage element of his landscape. He emphasises the importance of conserving and restoring farmland, “not with a romantic vision, but as elements of water management and landscape control”.

He explains that since Agro do Coto was turned into a pine forest, people in the village below now have to drill to access water, whereas it used to flow abundantly.

Among his proposals is the creation of a group of local experts to review and correct place-name errors and mislocated elements on maps.





LUIS E FERNANDO,
SANTA TEGRA DA ABELEDA,
(Castro Caldelas)

Forman parte da directiva da Asociación cultural Cocas e Danzantes. Como elemento destacado do seu patrimonio salientan precisamente a danza branca que se celebra en Santa Tegra cada 11 de agosto.

Trátase dunha danza que fora prohibida durante o franquismo nos primeiros anos 50 e recuperada pola veciñanza a finais dos 80.

Para a Asociación “é un proceso de recuperación patrimonial veciñal exemplar” no que a través de Santos Rodicio, último danzante vivo orixinal, púidose reconstruír a danza e “dotala de sentido na modernidade”.

“Para a veciñanza é un día de identidade e de xuntanza en torno a un elemento patrimonial significativo.”

Tanto Luis como Fernando asistiron á xuntanza participativa que tivo lugar o 26 de xullo no Castelo de Castro Caldelas.

They are members of the board of the cultural association Cocas e Danzantes. The standout element of their heritage is the “white dance” held in Santa Tegra every 11 August.

This dance was banned during Franco’s regime in the early 1950s and was later revived by the local community in the late 1980s.

For the Association, “it is an exemplary case of community-led heritage recovery”, in which, through Santos Rodicio – the last surviving original dancer – the dance could be reconstructed and “given meaning in modern times”.

“For the local people, it is a day of identity and gathering around a significant heritage element.”

Both Luis and Fernando attended the participatory meeting held on 26 July at the Castle of Castro Caldelas.



MARÍA DOLORES,
ROSENDE, (Sober)

Propón o Priorado de Rosende. Alén de ser un ben con atributos históricos e artísticos, Mercedes destaca para a súa elección criterios emocionais.

Para ela é un lugar de memoria de infancia no que se xuntaba a comunidade. A súa familia subía de Areas para ir á igrexa e aí xuntábanse todas as crianzas, tanto no camiño como despois da misa.

Era un lugar que artellaba á veciñanza e sempre había novidades, xa que pola Casa Grande pasaban moitos convidados que tamén se achegaban os domingos á Misa.

María Dolores xa non acorda vivir alí os frades, mais si as historias que quedaron. E os curas que viñeron despois. Tamén os cursiños que se impartían no edificio.

María Dolores asistiu á xuntanza participativa do 9 de marzo na Casa Grande de Rosende.

María chose the Rosende priory. In addition to being a site of historical and artistic value, Mercedes highlights emotional criteria for her choice.

For her, it is a place of childhood memory where the community would gather. Her family would walk from Areas to the church, and all the children would meet there, both on the way and after mass.

